

## G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### ESO:

Nestes niveis de ensino obrigatorio temos en conta para a cualificación os seguintes criterios a nivel xeral:

#### A actitude:

Entendendo por actitude positiva: traer o material necesario, facer as actividades propostas, estudar os contidos impartidos, seguir a clase con participación activa e atención, colaborar co grupo no traballo conxunto, respectar aos compañeiros e compañeiras, pedir a palabra para falar e non interromper as clases, ser responsable no traballo en equipo.

#### Contidos prácticos:

Entendendo por tales os seguintes: práctica e interpretación vocal e instrumental, movemento e danza, exercicios prácticos de audición activa e linguaxe musical, lectura musical, libreta de aula.

Contidos teóricos: son os contidos de cultura musical e historia da música, de linguaxe musical e harmonía. Estes avaliaranse con probas escritas teóricas, exercicios prácticos e traballos individuais ou por grupos.

#### A nota obteráse coas seguintes porcentaxes:

- Actitude: 10 %
- Contidos prácticos: Puntuarase de 0 a 10 as probas de interpretación vocal e instrumental, movemento e danza, exercicios prácticos de audición, lectura musical, improvisación instrumental e vocal. Sendo logo un 45% da nota final.
- Contidos teóricos: Puntuarase de 0 a 10 as probas de contidos de historia da cultura musical, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical. Sendo logo un 45% da nota final.

#### Importante:

- Non se contempla a posibilidade de aprobado de ter un 0 en calquera dos dous apartados de contidos: teóricos e prácticos.
- É indispensable acadar un 5 en calquera dos apartados teóricos e prácticos para superar a materia.

## 1º BACHARELATO

A nota obteráse coas seguintes porcentaxes:

- Contidos prácticos: Puntuarase de 0 a 10 as probas de interpretación vocal e instrumental, movemento e danza, exercicios prácticos de audición, lectura musical, improvisación instrumental e vocal. Sendo logo un 50% da nota final.
- Contidos teóricos: Puntuarase de 0 a 10 os exames escritos dos conceptos teóricos, así tamén as probas escritas de linguaxe musical e os traballos de composición. Sendo logo un 50% da nota final.

Importante:

- Non se contempla a posibilidade de aprobado de ter un 0 en calquera dos dous apartados de contidos: teóricos ou prácticos.
- É indispensable acadar un 5 en calquera dos apartados teóricos o prácticos para superar a materia.

## ESO E BACHARELATO

Valoración da participación en concertos e actuacións fóra do horario lectivo:

A participación na Orquestra do IES, en concertos ou actuacións fóra de horario esixe un esforzo a maiores para o alumnado implicado. Puntuarán ata 2 puntos como máximo dos 10 da nota final do apartado de contidos prácticos ou de interpretación; dado que a música é unha disciplina que ten unha proxección importantísima cara ao público, é a súa esencia. Considérase que ser “intérpretes/músicos” é unha experiencia estupenda para a formación do alumnado, xa que por unha banda, pecha o ciclo de todo o traballo de práctica na aula, e por outra supón unha inxección de autoestima importantísima nestas idades. Pero sobre todo, prepara ao alumnado cara ao futuro, desenvolvendo a habilidade de enfrontarse a probas semellantes.

## ➤ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º DA ESO. MÚSICA.

### CONTIDOS TEÓRICOS

#### ○ Cultura musical

1. Coñecemento dos nomes e formación instrumental de diferentes estilos musicais e relacionalos coas audicións. (jazz, rok, pop, blues, electrónica, clásica, ...)
2. Recoñecemento dos instrumentos da orquestra sinfónica. A súa colocación. Breve historia. funcións do/a director/a.
3. Coñecemento da clasificación global dos instrumentos. Aerófonos, cordófonos, electrófonos, idiófonos, membranófonos.
4. Diferenciación dos tipos de agrupacións instrumentais: orquestra de jazz, clásica, banda de música, orquestra de rock, grupo pop, folk.
5. Coñecemento dos instrumentos da música tradicional galega, das festas tradicionais e cíclicas do ano.
6. Recoñecemento dos diferentes bailes galegos (muiñeira, xota, maneo, pasodobre...)
7. Coñecemento da composición dos coros de voces. Tipos de coros e clasificación das voces.
8. Coñecer o aparato fonador e o proceso da emisión da voz.
9. Músicas do mundo. Apreciación e valoración de diferentes culturas musicais.

#### ○ Linguaxe musical

1. Coñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical: pentagrama, clave de sol, escala, notas, figuras, compases, tempos e reguladores de matiz:
2. Notas: escala de do M en clave de sol, notas ata fa ` . Clave de Fa en 4ª liña (notas dentro do pentagrama)
3. Figuras e silencios de redonda ás 4 semicorreas.
4. Compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 3/8
- 5-Liñas adicionais e signos de prolongación do son.

6. Coñecemento das palabras básicas reguladoras da intensidade.
7. Alteracións propias e accidentais.
8. Lectura dunha partitura sinxela.

### CONTIDOS PRÁCTICOS

- Audición:

1. Distinción de estilos musicais diferentes nunha audición.
2. Memorización de compases rítmicos sinxelos, repetíndoos con exactitude e atendendo ao pulso.
3. Memorización de compases melódicos sinxelos, repetíndoos coa frauta ou outro instrumento.
4. Recoñecemento auditivo de voces e instrumentos.
5. Recoñecemento auditivo e visual dos instrumentos tradicionais galegos.
6. Comentario dunha audición seguindo os pasos establecidos (instrumentación, voces, estilo, forma, mensaxe).
7. Apreciación de diferentes músicas tradicionais do mundo e das culturas musicais doutros países.

- Interpretación.

1. Interpretación de cancións sinxelas con calquera instrumento. Atendendo ao pulso.
2. Acompañamento dunha melodía con ritmos sinxelos.
3. Acompañamentos harmónicos sinxelos a unha melodía.
4. Interpretación de coreografías e bailes.

- Creación:

1. Creación dunha frase rítmica de catro compases.

2. Composición escrita de ritmos sinxelos en compases de 2/4, 3/4, 4/4
3. Creación dunha frase melódica coa frauta o outro instrumento de xeito que teña sentido completo e atendendo ao final.
4. Improvisación de acompañamentos rítmicos.

**Estrutura da proba ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro**

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluírá os contidos teóricos e prácticos. A cualificación obterase coa suma dos dous apartados de contidos.

CONTIDOS TEÓRICOS: 50% da nota final

1. Proba de preguntas sobre os contidos mínimos do curso de cultura musical, as preguntas obteranse da listaxe de contidos expostos. O exame puntuará de 0 a 10.
2. Exemplos posibles de preguntas dos *contidos de linguaxe musical*: O exame puntuará de 0 a 10
  - Exercicio para completar usando figuras/ silencios/puntillo: 2/4, 3/4 ou 4/4. (2 puntos)
  - Exercicio para pór liñas divisorias: 2/4 ou 3/4 ou 4/4. (1 punto)
  - Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria das células rítmicas dadas. (1 punto)
  - Cuestión: Pon o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3/4 ou 4/4. (1 punto)
  - Exercicio de pór o nome as notas en clave de Sol. Exercicio de pór o nome as notas no pentagrama, segundo a nota de partida. (1 punto)
  - Exercicio de pór células rítmicas a palabras ou viceversa. (1 punto)
  - Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran nun fragmento de 4 compases: 2/4 ou 3/4 ou 4/4. (0,5 puntos)
  - Completa as definicións e une con frechas. (0,5 puntos) Exemplo:

2/....	• Compás ..... de subdivisión binaria	• 4 ..... por compás
--------	---------------------------------------	----------------------

.../4	• Compás cuaternario de ..... binaria	• 3 ..... por compás
4/4	• Compás binario de subdivisión .....	• 2 ..... por compás

- Compón unha melodía de 8 compases en Do M usando células rítmicas ata semicorchea, compás de subdivisión binaria. (2 puntos)

Terase en conta o seguinte:

Se o alumnado é sorprendido polo docente copiando, será puntuado cun 0 nesa proba. Igualmente no caso de que se detecte que posúe material cuxa finalidade sexa copiar (todo tipo de chuletas, uso de móbil, auriculares...), aínda que non os usase de forma efectiva.

CONTIDOS PRÁCTICOS: 50% da nota final.

Proba práctica. Instrumento: frauta ou outro. Puntuación sobre 10.

- Interpretación instrumental a solo de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos
- Interpretación instrumental con acompañamento de piano de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos.

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.

➤ **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 3º DA ESO. MÚSICA.**

**Estrutura da proba ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro**

A puntuación máxima será de 10 puntos e incluírá os seguintes apartados:

CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final

1. *Contidos de linguaxe musical. 6 PUNTOS*

- Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras/silencios/puntillo. (0,5 puntos)
- Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,25 puntos)
- Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria e ternaria, usando as células rítmicas dadas. (0,25 puntos)
- Cuestión: Pór o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3/4 ou 4/4 // 6/8, 9/8, 12/8. (0,25 puntos)
- Exercicio de pór o nome as notas clave de Sol, clave de Fa en 3ª e 4ª liñas, clave de Do en 1ª, 2ª, 3ª, e 4ª liñas. (0,5 puntos)
- Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran, nun fragmento de 4 compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,25 puntos)
- Exercicio de pór ritmo (células rítmicas) a palabras ou palabras e/ ou viceversa, en subdivisión binaria ou ternaria, entre as células rítmicas traballadas ao longo do curso. (0,5 puntos). Exemplo subdivisión binaria: teimudo = 1 corchea e 2 semicorcheas ou 1 negra con puntiño e 2 semicorcheas ... // parafuso = 4 corcheas, ou 4 semicorcheas, 2 negras e 2 corcheas ... Exemplo de subdivisión ternaria: música = 3 corcheas ou 3 negras con puntiño ... salta = negra e corchea, ou corchea negra ...
- Exercicio de intervalos simples e compostos: clasificación atendendo a estes parámetros: distancia, conxunto/disxunto, melódico/harmónico, simple/composto. (0,5 puntos)

- Exercicio de tonalidade Maior e menor. Exemplo: constrúe a escala de Sib Maior ou constrúe a escala de fa# menor e escribe a armadura resultante. (1 punto)
- Escribe no pentagrama una melodía de 8 compases en Do Maior / la menor utilizando un destes compases 2/4, 3/4 ou 4/4 e as células rítmicas traballadas no curso. (2 puntos)

## 2. *Contidos de cultura musical. 4 PUNTOS*

Exercicio de audición. O alumnado escollerá unha audición, de entre as tres que escoitará no exame. Será quen de reflectir o seguinte:

- Título da audición. (0,5 puntos)
- Autor/compositor. (0,5 puntos)
- Etapa histórica, século a que pertence. (0,25 puntos)
- Comentario (2,75 puntos)
  - a. Características básicas da sociedade desa época. (0,25puntos).
  - b. Características da música desa etapa histórica. (0,5 puntos).
  - c. Explicación redactada das características musicais da audición:
    - ◆ Xénero/s ao/s que pertence (relixioso, profano, culto, dramático, programática, descriptivo, vocal -concertante, a capella, clasificación dos tipo de voz/voces, tipo de agrupación- , instrumental –tipo de agrupación, instrumentos que a conforman-) (0,5 puntos).
    - ◆ Forma, características da mesma. Exemplo oratorio, concerto, sinfonía, ópera ... (0,75 puntos).
    - ◆ Textura. Monofonía, polifonía, homofonía, heterofonía. (0,25 puntos).
    - ◆ Outras obras importantes do autor/compositor. (0,25 puntos).
    - ◆ Algunha outro comentario específico referido á audición. (0,25 puntos)

A audición do exame escollerase das traballadas durante o curso dos contidos de historia da música (Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Século XX. Exemplos (Puer natus est nobis, Aleluia do Oratorio "O Mesías" Haendel, 5ª sinfonía de Beethoven, 1ª movemento ...).

Terase en conta o seguinte:

Se o alumnado é sorprendido polo docente copiando, será puntuado cun 0 nesa proba. Igualmente no caso de que se detecte que posúe material cuxa finalidade sexa copiar (todo tipo de chuletas, uso de móbil, auriculares...), aínda que non os usase de forma efectiva.

CONTIDOS PRÁCTICOS. 50% da nota final

1. *Contidos de interpretación instrumental.* Puntuación sobre 10.

- Interpretación instrumental a solo dunha das pezas estudadas ao longo do curso, exemplos). 5 PUNTOS
- Interpretación instrumental dunha das pezas estudadas ao longo do curso acompañados polo grupo orquestral do grupo. Ou no seu defecto pola profesora ao piano. 5 PUNTOS

Exemplos: A rianxeira, popular Galiza; Yellow submarine, The Beatles; Melodía de Titanic; Himno da alegría, Beethoven; O son do ar; Scarabought fair, etc

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.

#### ➤ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4º DA ESO. MÚSICA.

##### Estrutura da proba ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro

A puntuación máxima será de 10 puntos e incluírá os seguintes apartados:

CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final

1. *Contidos de linguaxe musical.* 6 PUNTOS

- Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras, silencios. Só se puntuará completar os compases coas células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)
- Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)
- Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria e ternaria, usando as células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)
- Cuestión: Pór o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4 // 6/8, 9/8, 12/8 . (0,5 puntos)
- Exercicio de pór o nome as notas clave de Sol, clave de Fa en 3ª e 4ª liñas, clave de Do en 1ª, 2ª, 3ª, e 4ª liñas . (0,5 puntos)
- Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran, nun fragmento de 4 compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)
- Exercicio de pór ritmo (coas células rítmicas aprendidas dadas no curso) a un texto: frase célebres ou refráns, en subdivisión binaria ou ternaria. Exemplo: "O sabio non di nunca todo o que pensa, pero si pensa todo o que di" (Aristóteles) 0,5 puntos)
- Escribe no pentagrama una melodía de 8 compases en nunha escala maior ou menor entre as seguintes: Do Maior/ la menor, Sol Maior/mi menor, Fa Maior/re menor, utilizando un destes compases 2/4, 3/ 4 ou 4/4 e as células rítmicas traballadas no curso. (2,5 puntos)

## 2. *Contidos de cultura musical. 4 PUNTOS*

Exercicio de audición. O alumnado escollerá unha audición, de entre as tres que escoitará ou visualizará no exame. Será quen de reflectir o seguinte:

- Título da audición. (0,5puntos)
- Autor/compositor. (0,5 puntos)
- Etapa histórica, século a que pertence. (0,25 puntos)
- Comentario (2,75 puntos)
  - a. Características da música desa etapa histórica/ ou do estilo ao que pertence. (0,5 puntos).
  - b. Explicación redactada e detallada das características musicais da audición:

- ◆ Xénero/s ao/s que pertence (relixioso, profano, culto, popular (jazz, pop, rock) dramático, programática, descriptivo, vocal -concertante, a capella, tipo de voz/voces, tipo de agrupación- , instrumental –tipo de agrupación, instrumentos que a conforman-) (0,75 puntos)
- ◆ Forma, características da mesma. Exemplo: canción coa estrutura dos temas musicais ( exemplo: introducción, estrofa, retrouso, estrofa, retrouso, solo de guitarra, retrouso, coda ) ópera (aria, recitativo, interludio, obertura), ballet (paso a dous, divertissement, pantomima) ... (0,75 puntos).
- ◆ Textura. Monofonía, polifonía, homofonía, heterofonía. (0,25 puntos).
- ◆ Outras obras importantes do autor/compositor/grupo. (0,25 puntos).
- ◆ Algún outro comentario específico referido á audición. (0,25 puntos)

A audición do exame escollerase das traballadas durante o curso dos contidos de historia da música e da cultura musical (A fada de azucre do ballet O Quebranos, A 2ª aria da Raíña da noite da ópera A Fruta máxica de Mozart, The final countdown de The Europe, O Muro de Pink Floyd ...).

Terase en conta o seguinte:

Se o alumnado é sorprendido polo docente copiando, será puntuado cun 0 nesa proba. Igualmente no caso de que se detecte que posúe material cuxa finalidade sexa copiar (todo tipo de chuletas, uso de móvil, auriculares...), aínda que non os usase de forma efectiva.

CONTIDOS PRÁCTICOS. 50 % da nota final

1. *Contidos de interpretación instrumental.* Puntuación sobre 10.

- Interpretación instrumental a solo dunha das pezas estudadas ao longo do curso. 5 PUNTOS
- Interpretación instrumental dunha das pezas estudadas ao longo do curso acompañados polo grupo orquestral do grupo. Ou no seu defecto pola profesora ao piano. 5 PUNTOS

Exemplos: The house of de rising sun de The animals, It's a heartache de Bonnie Tyler, banda sonora adaptada: Harry Potter, Star wars, Superman, pezas adaptadas de ballet/ópera ...

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.

➤ **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º DE BACHARELATO. LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL.**

**Estrutura da proba ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro**

A puntuación máxima será de 10 puntos e incluírá os seguintes apartados:

CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final

1. *Contidos de linguaxe musical. 5 PUNTOS*

- Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) compases mixtos (5/8, 8/8) usando figuras, silencios. Só se puntuará completar os compases coas células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)
- Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8), compases mixtos (5/8, 8/8). (0,5 puntos)
- Clasifica os intervalos atendendo á distancia, simple/composto, conxunto/disxunto, melódico/harmónico. (0,5 puntos)
- Clasifica os intervalos atendendo á especie: Maior/menor, Aumentado/Disminuído, Sobreamentados/sobredisminuídos, Xustos. (0,5 puntos)
- Exercicio de inversión de 2 intervalos simples. (0,5 puntos)
- Exercicio de acordes tríades: construír os acordes Perfecto Maior, Perfecto menor, 5ª disminuída e 5ª aumentada a partir dunha nota dada, natural ou alterada con díese ou bemol. (0,5 puntos)
- Realizar as 2 inversións dun acorde tríade dado. (0,5 puntos)
- Pór a tonalidade, Maior e menor, que corresponde a 1 armadura dada. (0,5 puntos)
- Construír a escala que corresponde a unha tonalidade Maior ou menor. (0,5 puntos)

- Escribir e clasificar os acordes tríades que corresponden á escala de Do Maior ou la menor nos grados que se soliciten: tónica, supertónica, medianta, subdominante, dominante, suerdominante, sensible/subtónica. (0,5 puntos)

2. *Composición. 5 PUNTOS*

*Exemplo de exame:* Realiza un exercicio de composición tendo en conta o seguinte:

Tonalidade: Do M. Compás: 4/4.

16 compases nunha forma binaria AB. (8 compases de A 3/4 e 8 compases de B en 6/8).

Utiliza todas as cadencias que coñeces indicándoas no exercicio, (semicadencia na dominante, cadencia rota, cadencia plagal e cadencia perfecta).

O acompañamento, estará formado só por acordes tríades en estado fundamental ou invertidos e en cada compás deben aparecer todas as notas que conforman o acorde. Indica con números romanos o acorde que usas en cada compás. Para o acompañamento usar as bases seguintes 3/4 ritmo de vals, 3 negras ou 6 corcheas. Para o 6/8 usar corcheas.

A melodía, ritmo libre utilizando todas as notas extrañas dadas: notas de paso, apoiaturas e floreos en todos os compases comp pouco unha, indicándoas coas letras “p” “a” e “f” respectivamente.

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a corrección da composición, descontando 0.5 puntos por cada erro dos 4 do total. A creatividade e musicalidade puntuarase con 1 punto que completan os 5 do total da proba.

Se o alumnado é sorprendido polo docente copiando, será puntuado cun 0 nesa proba. Igualmente no caso de que se detecte que posúe material cuxa finalidade sexa copiar (todo tipo de chuletas, uso de móbil, auriculares...), aínda que non os usase de forma efectiva.

CONTIDOS PRÁCTICOS. 50% da nota final

1. *Contidos de interpretación instrumental.* Puntuación sobre 10.

- Interpretación instrumental dunha das pezas estudadas ao longo do curso acompañados polo grupo orquestral do grupo. Ou no seu defecto, pola profesora ao piano. (4 puntos)
- Lectura rítmica a primeira vista con cambio de compás de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) a ternaria (6/8, 9/8, 12/8), ou a compás mixto (5/8, 8/8) ou ao revés. (4 puntos)

- Lectura de notas en clave de sol e en clave de fa en 4ª liña. (2 punto)

Exemplos: Festa Pagá de Mago de Öz, Nothing else matters de Metallica, O muro de Pink Floyd, Canção do mar de Dulce Pontes, Sugar sugar de The Archies ...

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro dos 5 do total.

## I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

### ***TODOS OS CURSOS (avaliacións suspensas)***

A disciplina de música recuperarase a partir destes criterios:

- Os contidos musicais relativos ao linguaxe musical, expresión vocal, composición, improvisación e interpretación instrumental e de danza; así como os actudiniais recuperaranse de xeito continuo na seguinte avaliación. Cada unidade didáctica aborda todos os bloques de contidos do currículo, polo tanto ao superar as unidades didácticas do seguinte trimestre, recupérase o anterior.
- Os contidos relativos á música no tempo ou historia, e tamén aqueles puramente teóricos, necesitarán actividades de recuperación concretas ou específicas dada a súa natureza.
- De todos os xeitos, o profesor/a realizará as actividades de recuperación que estime oportunas para superar os contidos suspensos,

dependendo do grupo de alumnos, das súas necesidades, dos contidos tratados, elaborando estratexias de actuación que permitan a motivación do alumnado e superación da asignatura.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN (Curso pendente)**

- Entregarán uns traballos trimestrais sobre temas relacionados cos contidos conceptuais da materia que se especificarán máis adiante.
  - Trimestralmente asistirán a unha sesión presencial na que presentarán os traballos escritos sobre os contidos mínimos de teoría musical e creación. E realizarán unha análise dunha audición das seleccionadas do curso. Para isto previamente se lles facilitará o material (exercicios para facer, CD coas audicións e comentarios).
  - Os contidos de práctica instrumental recuperaranse da seguinte maneira: se o alumnado ten a materia de música no curso seguinte ao pendente, recuperará este bloque de contidos se o supera no novo curso. Se o alumnado xa non ten a materia no seguinte curso ao pendente, terá que preparar un repertorio de cancións en calquera instrumento melódico, do nivel do curso suspenso. Un mínimo de 1 peza por trimestre (facilitarase as partituras no inicio do trimestre).
  - No caso de que o alumnado supere as probas anteriores quedará exento do exame de xuño.
  - No caso de non superar as probas en Xuño faráselle en setembro unha proba escrita cos contidos da materia e interpretará unha canción aprendida previamente coa frauta, con instrumental Orff ou con calquera outro instrumento melódico que achegue o alumnado a solo e con acompañamento de piano. No seu defecto, interpretará exercicios de ata 8 compases por imitación e a vista, melódicos e rítmicos con instrumental Orff ou obxectos sonoros.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º da ESO (Curso pendente)

- Contidos actitudinais

Valorarase o interese pola materia e pola súa recuperación asistindo ás horas de consulta que se establezan, preguntando dúbidas e facendo os traballos presentados con coidado e atención.

- Contidos prácticos

### Audición

Recoñecemento na audición estilos musicais diferentes.

Comentario dunha audición seguindo os pasos establecidos (instrumentación, voces, estilo).

### Interpretación

Tocar cancións sinxelas con calquera instrumento. Atendendo ao pulso.

Acompañamiento dunha melodía con ritmos axeitados e sinxelos dados.

### Creación

Creación dunha frase rítmica de catro compases.

Composición de ritmos sinxelos en compases de 2/4, 3/4, 4/4.

Creación dunha frase melódica coa frauta o outro instrumento de xeito que teña sentido completo e atendendo ao final.

- Contidos teóricos

Coñecemento dos nomes de diferentes estilos musicais e relacionalos coas audicións

Recoñecemento dos instrumentos da orquestra sinfónica. A súa colocación.

Coñecemento dos instrumentos da música tradicional galega.

Recoñecemento dos diferentes bailes galegos (muiñeira, xota, pasodoble)

Coñecemento da composición dos coros de voces .

Coñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical: clave de sol, escala, notas, figuras, compases, tempos e reguladores de matiz: Notas: escala de Do M en clave de sol. Figuras e silencios de redonda a semicorchea.

### **Valoración das probas:**

- Recuperación durante o curso escolar:
  1. Os tres traballos a presentar valóranse cun 45% da nota final.
  2. A asistencia ás tres sesións presenciais durante o curso e amosar interese pola asignatura, preguntando dúbidas... valóranse cun 10% da nota final.
  3. Todos os exercicios e as interpretacións instrumentais valóranse cun 45 % da nota final.
- Recuperación na proba de xuño ou setembro: a proba escrita maila interpretación instrumental valóranse co 100 % nunha soa nota.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3ª da ESO (Curso pendente)**

- Contidos actitudinais

Valorarase o interese pola materia e pola súa recuperación asistindo ás horas de consulta que se establezan, preguntando dúbidas e facendo os traballos presentados con coidado e atención.

- Contidos teóricos
- Coñecemento dos elementos básicos para a representación gráfica da música: pentagrama, claves, líneas adicionais, divisorias, compases, figuras, síncopa, contratempo. Tonalidade.
- Contidos prácticos
  - Análise auditivo dun fragmento dunha peza, dun total de seis, das mais representativas facendo un breve comentario sobre o contexto histórico á que pertence analizando os elementos musicais básicos que a caracterizan usando o léxico axeitado.
  - Lectura axeitada e interpretación instrumental ou vocal dunha peza das estudadas ao longo do curso.
  - Elaboración dunha melodía para frauta ou placas, utilizando os coñecementos aprendidos ao longo do curso no que respecta a frase (pregunta/resposta), linguaxe musical (ritmo, escalas); a partir dunhas pautas dadas previamente.
  - Composición dun texto a un ritmo dado (redonda, branca, negra, corcheas, semicorcheas) e subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4).

### **Valoración das probas**

- Recuperación durante o curso escolar.
1. Os tres traballos a presentar valóranse cun 45% da nota final.
  2. A asistencia ás tres sesións presenciais durante o curso e amosar interese pola asignatura, preguntando dúbidas,..., valóranse cun 10% da nota final.
  3. Todos os exercicios e as interpretacións instrumentais valóranse respectivamente cun 45% da nota.
    - Recuperación na proba de, xuño ou setembro: a proba escrita maila interpretación instrumental valóranse co 100 % nunha soa nota.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1ª Bacharelato (Curso pendente)

- Contidos actitudinais
  - Amosar interese pola materia e pola súa recuperación asistindo ás horas de consulta que se establezan, preguntando dúbidas e facendo os traballos presentados con coidado e atención.
- Contidos teóricos
  - Coñecemento do aparato fonador e dos tipos de voz, rexistros vocais, ámbito e tesitura; así como todas as agrupacións vocais.
- Contidos prácticos
  - Análise auditivo e comentario escrito dunha das pezas/partituras das traballadas durante o curso, sinalando con léxico axeitado as características máis relevantes relativas aos seguintes aspectos: voces e instrumentos que interveñen, tipo de agrupación, forma e un breve comentario histórico e estilístico
  - Lectura medida e interpretación vocal ou instrumental dunha das pezas estudiadas durante o curso. Composición musical de una melodía de 16 compases con acompañamento: compás dado, rítmica libre.

### Valoración das probas

1. A asistencia ás tres sesións presenciais durante o curso e amosar interese pola asignatura, preguntando dúbidas teranse en conta na nota, valorándose cun 10% da nota final.
2. Os exercicios e as interpretacións instrumentais valóranse respectivamente cun 45 % da nota final.
3. Os tres traballos a presentar valóranse cun 45% da nota final.

- Recuperación na proba de xuño ou setembro: a proba escrita maila interpretación instrumental valóranse co 100 % nunha soa nota.